



BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS AO ENSINO DURANTE O CURSO 2020-2021

1. **Obxecto** das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Tordoia para a concesión de axudas municipais para os gastos de material escolar, libros de texto e/ou vestuario básico destinado á escolarización das nenas e nenos, necesarios para a súa formación académica para o curso 2020/2021.
2. **Persoas Beneficiarias:** Unidades familiares con menores de idade a cargo, escolarizados en centros de ensino, nos que se curse: Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional de Grado Medio e Superior.

Para os efectos previstos nestas bases, considerase que forman parte da unidade familiar o núcleo creado pola nai e o pai (exista ou non vínculo matrimonial), o/a titor/a ou persoa encargada da garda e protección do/a menor, e os descendentes que figuren empadroados e residan no domicilio familiar e sexan menores de 18 anos, ou de maior idade cando teñan algunha discapacidade.

3. **Requisitos**

Poderán ser beneficiarias/os desta axuda as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar empadroado/a no Concello de Tordoia cunha antigüidade de un ano ou mais.
- Residir de xeito efectivo no Concello de Tordoia e convivir cos menores para os que se solicita a axuda.
- Estar ó día no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Tordoia.
- Que o/a alumno/a para quen se solicita a axuda estea matriculado en Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato ou Formación profesional nos centros públicos ou concertados
- Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita mensual igual ou inferior a 806,76 (correspondente ao 1,5 veces o IPREM)

Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coas facendas autonómica e estatal así como coa Tesouraría de Seguridade Social

4. Calculo da renda per cápita familiar mensual

- Enténdese por renda per cápita familiar mensual, a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables e entre seis meses.
- Para o cálculo da renda per cápita familiar terase en conta os datos económicos dos meses desde febreiro ata xullo do ano 2020 (ambos incluídos) e o importe do IPREM mensual (indicador público de renda de efectos múltiples) do ano 2020 que é de 537,84 euros mensuais.
- A renda familiar obterase da suma das rendas de cada un dos membros computables da familia (de acordo co establecido no punto 2) que obteñan ingresos de calquera natureza.

5. Solicitudes e documentación

As persoas solicitantes da axuda terán que presentar xunto coa solicitude a documentación que se relaciona a continuación de tódolos membros da unidade familiar que sexan maiores de idade:

- a) ANEXO I completamente cuberto, no que se especificará o nome do/a menor, o centro escolar e o nivel escolar que cursará no 2020-2021
- b) ANEXO II debidamente cuberto
- c) Fotocopia do DNI/NIE/pasaporte en vigor da persoa solicitante da axuda
- d) Fotocopia do libro de familia ou documento análogo que o substitúa, de ser o caso
- e) Certificado de minusvalía do menor solicitante de ser o caso
- f) No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza ou convenio regulador. En situación de non pagamento da pensión, copia da solicitude de execución da sentenza presentada perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións.
- g) No caso de unións de feito con fillos/as recoñecidos, copia da sentenza de garda, custodia e alimentos, así como xustificantes das achegas. En caso de non pagamento copia da solicitude de



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

execución da sentenza presentada perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións.

- h) Informe de vida laboral completo e actualizado da Tesourería da Seguridade Social.
- i) Certificado do IBAN bancario onde se vai a realizar o ingreso da axuda a nome da persoa solicitante
- j) Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego
- k) O empadramento e convivencia comprobarase de oficio dende o departamento de Servizos Sociais.

Documentación para xustificación dos ingresos da unidade familiar:

- a) Persoas traballadoras en activo:
 - Por conta allea: fotocopia das 6 últimas nóminas
 - Por conta propia: fotocopia do pagamento a conta do IRPF dos dous últimos trimestres.
 - Traballadores da agraria: xustificación dos ingresos relativos á mesma, dos seis últimos meses
 - En situación de ERTE: xustificación dos ingresos dos últimos 6 meses
- b) Persoas que perciben unha pensión /prestación procedentes do INSS, ISM, da Xunta de Galicia, clases pasivas ou calquera outra, incluídas as percibidas do estranxeiro: xustificante da pensión dos últimos 6 meses.
- c) Persoas demandantes de emprego con prestación /subsídio: certificado da prestación dos últimos 6 meses, con indicación da contía mensual que corresponda e período recoñecido.
- d) Perceptores de RISGA: a documentación figura no departamento de Servizos Sociais polo que non terán que achegar xustificación da contía mensual.

6. Prazo de solicitude

As persoas solicitantes deberán presentar a súa instancia coa documentación requirida en cada caso, no Rexistro Xeral do Concello de Tordoia ou tramitala por calquera das formas previstas no Art. 16 da Lei

39/2015, de procedementos administrativo común das administracións no prazo de 5 días naturais a contar a partir do día seguinte á aprobación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña

7. Procedemento

O estudo e valoración das solicitudes realizarase pola Comisión de valoración, integrada polos membros designados polo Alcalde Presidente do Concello de Tordoia, así como comprobación da finalidade.

O procedemento de estudo e valoración axustarase as seguintes tarefas:

- Comprobación previa tendentes a verificar que os solicitantes reúnen os requisitos esixibles. No caso de que os defectos sexan subsanables, requiriráselles a súa subsanación no prazo improrrogable de 3 días. No suposto de requisitos insubsanables, procederase á súa inadmisión.
- Procederase á determinación dos beneficiarios mediante a suma dos puntos obtidos tras a aplicación dos seguintes criterios:
 - Membros da unidade familiar: Por cada membro da unidade familiar outorgarase un punto, sendo membros computables os que formen parte da unidade familiar segundo as bases da presente convocatoria.
 - Ingresos económicos: para a súa ponderación

INGRESOS BRUTOS PER CÁPITA ANUAL

De 1€ a 3000€	_____	8 punto
De 3001€ a 6000€	_____	6 puntos
De 6001€ a 9000€	_____	4 puntos
De 9001€ a 25200€	_____	2 puntos

- Á vista das solicitudes presentadas e admitidas, procederase á determinación das persoas beneficiarias, así como das contías. Establecendo unha contía máxima de 200€

8. Resolución

As solicitudes serán avaliadas pola comisión de Valoración que emitirá un informe de proposta coa resolución provisional que será resolta polo órgano correspondente.



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

A listaxe provisional será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Tordoia e na páxina web municipal, establecendo un prazo de 3 días hábiles para presentar as reclamacións oportunas e/ou emendar documentación.

Unha vez resoltas todas as reclamacións, a resolución definitiva coa listaxe das axudas concedidas será publicada da mesma maneira. Estas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen nos artigos 40 e 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións públicas.

9. Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias das axudas terán como obrigas as seguintes:

- a) Realizar o gasto de acordo coa finalidade para a que se lle concedeu a axuda económica.
- b) Someterse as actuacións de comprobación por parte do Concello e as de control financeiro que lle corresponda á intervención municipal.
- c) Cumprir con todas as obrigas dispostas no artigo 14 da Lei xeral de subvencións
- d) Asistir ás clases con regularidade dende o inicio do curso.

O incumprimento dará lugar á revogación do outorgamento da subvención e a incoación, no seu caso, do procedemento de reintegro e sancionatorio por incumprimento da finalidade.

10. Pagamento da subvención

O aboamento da axuda concedida realizarase mediante o ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada polo/a beneficiario/a antes do fin do exercicio económico 2020, previa declaración xurada do cumprimento da finalidade.

11. Disponibilidade orzamentaria

Para as axudas incluídas na presente convocatoria, reservase crédito na partida orzamentaria 2315.48000 dos vixentes orzamentos do Concello de Tordoia por un importe total de 9.000€

Tordoia 10 de decembro de 2020

O Alcalde – Presidente

E. Antonio Pereiro Liñares



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS AO ENSINO DURANTE O CURSO 2020/2021 DO CONCELLO DE TORDOIA

DATOS DO/A ALUMNO/A

NOME E APELIDOS	
NIF	
ENDEREZO	
ENDEREZO ELECTRONICO	
TELEFONO	
CENTRO DE ESTUDOS	

REPRESENTANTES LEGAIS

NOME E APELIDOS	
NIF	
ENDEREZO	
ENDEREZO ELECTRONICO	
TELEFONO	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Fotocopia do NIF do/a alumno/a
- Fotocopia do libro de familia
- Fotocopia da declaración da RENDA da unidade familiar. En defecto, certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria para cada un dos membros da unidade familiar que non teñan obriga de presentación.
- Certificado de empresa sobre os ingresos brutos anuais da unidade familiar (só no caso de non estar obrigados a presentar a declaración da RENTA)
- Certificado expedido polo centro, acreditando que a persoa solicitante cursa alí estudos e cales son.
- Certificado de minusvalía dalgún membro da unidade familiar, expedido pola Xunta.
- Declaración xurada da distancia ao lugar de estudo ANEXO II
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ANEXO III.
- Certificado da conta bancaria, do beneficiario ou representante legal, para o ingreso da axuda

Tordoia, ____ de _____ de 2020

Asdo:



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS AXUDAS AO ENSINO DO CONCELLO DE TORDOIA.
EXERCICIO 2020

D./D^a _____

_____, con NIF: _____,

Como pai, nai ou titor legal do alumno/a

, beneficiario da subvención

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

Tordoia, _____ de _____ de 2020

Asdo: